



Concello de Moaña

N. Expediente	4480/2023
F. Apertura	27/12/2023
Serie documental	S0843 - Calendarios e horarios comerciais
Asunto	Autorización horarios de peche e apertura dos locais para o Nadal 2023
Documento	Decreto da Alcaldía
Trámite	Autorización de ampliación de horario dos establecementos e das actividades recreativas durante as noites do 30 de decembro, do 31 de decembro ao 1 de xaneiro, e a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2024 do Nadal de 2023-2024

DECRETO DE ALCALDÍA

Antecedentes.

Con motivo das Festas do Nadal 2023, tiveron entrada a través do Rexistro Xeral deste concello, solicitudes de ampliación de horarios de peche dos locais de ocio, para as noites do 31 de decembro ao 1 de xaneiro, e a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2024.

Normativa de aplicación e consideracións legais

- Lei 9/2013 do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.
- Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Decreto 124/2019 polo que apróbase o Catálogo de Espectáculos Públicos, Actividades Recreativas e establecementos abertos ao público da CCAA de Galicia.
- ORDE de 23 de outubro de 2020 (D.O.G de 30 de outubro de 2020) da ORDE de 23 de outubro de 2020 (D.O.G de 30 de outubro de 2020) da VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO da Xunta de Galicia, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.
- Ordenanza Municipal do Concello de Moaña reguladora de terrazas para actividades de restauración. (BOPDEPO núm. 248 de 30 de decembro de 2013).
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Moaña, aprobado definitivamente por Orde do 22 de novembro de 2016 (BOP núm. 39 do 24.02.2017)
- Regulamento de servizos das corporacións locais

Considerando que o artigo 4.c) da Lei 10/17 establece que lle corresponde a consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas determinar o horario xeneral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Tendo en conta que o artigo 5.f) da citada norma dispón que corresponde aos Concellos autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeneral, atendendo aos criterios, supostos e circunstancias que, no seu caso, figuren na orden de horarios prevista no artigo 17.

Considerando que o mencionado art. 17 da Lei di:





Concello de Moaña

1. *Mediante orde da persoa titular de la consellería competente na materia, e previo informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, determinarase o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.*

2. *A orde que determine os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos ou actividades recreativas poderán establecer os criterios, supostos e circunstancias que permitan aos concellos autorizar, de forma motivada, ampliacións o reducións sobre o horario xeral.*

Tendo en conta que o art. 9 da Orde de 23 de outubro de 2020 da VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO da Xunta de Galicia dispón:

Artículo 9 Ampliacións de horarios

1. *Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.*

2. *Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.*

3. *Para os efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos, e por Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.*

4. ***En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.***

5. *Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.*

Tendo en conta as consideracións xurídicas contidas no informe emitido polos servizos xurídicos do departamento de Urbanismo deste concello en data 27 de decembro de 2023 relativo á **AMPLIACIÓN DO HORARIO XERAL DE PECHES DOS ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO, ASÍ COMO O DE FINALIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E DAS ACTIVIDADES RECREATIVAS CON MOTIVO DAS FESTAS DE NADAL** no que, entre outros, sinala que:





Concello de Moaña

“.../...o Concello de Moaña previa resolución dicta polo órgano competente pode autorizar a **ampliación do horario xeral de peche dos establecementos abertos ao público, así como o de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas en 2 horas** segundo o establecido no artigo 9 da dita Orde do 23 de outubro de 2020.

Non obstante, e en aras a dotar dunha maior seguridade xurídica e coñecemento a terceiros, debe obrigarse a que o establecemento ou a entidade interesada **comunique mediante Declaración Responsable ante o rexistro de entrada no Concello, cunha antelación mínima 3 DÍAS DE ANTELACIÓN do día no que vaia a prolongar o horario de peche.**

No caso dos establecementos, esta autorización de ampliación do horario de peche abarcará unicamente ao uso interior do local.

Deberá de cumprirse o expresamente establecido na referida Orde do 23 de outubro de 2020, os condicionantes da licenza, así coma o resto de normativa de aplicación (terrazas, acústica, etc...).

1. Horario de apertura (artigo 4.2):

Horario de apertura dos establecementos abertos ao público e de inicio dos espectáculos públicos e as actividades recreativas, non poderán abrir antes das 6.00horas da mañá.

2. Horas de descanso entre o peche e a apertura (artigo 3.4):

En todo caso e para todos os establecementos regulados nesta orde, entre o seu peche e a apertura seguinte deberá transcorrer un período mínimo de 4 horas.

Cando coincidan o horario especial de peche e mais o tempo máximo de desaloxo xunto cunha ampliación de 2 horas autorizada polo concello e non sexa posible compatibilizar o peche e a apertura seguinte co disposto neste número, o establecemento en que concorran as devanditas circunstancias deberá, en todo caso, atrasar o horario xeral de apertura que lle corresponda durante o tempo necesario para que transcorra un período mínimo de 4 horas

3. Horario de peche (artigos 5, 6 e 9):

No artigo 5 defínese o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

O horario xeral de peche dos establecementos abertos ao público (cada local deberá ter en conta a súa licenza municipal de actividade) e o horario xeral de finalización das actividades recreativas é o seguinte :

II. Actividades recreativas.

II.1. Actividades culturais e sociais: 3.00 horas.

III.2.5. Establecementos de restauración.

III.2.5.1. Restaurantes: 2.00 horas.

III.2.5.1.1. Salóns de banquetes: 3.30 horas.

III.2.5.2. Cafetarías: 2.30 horas.

III.2.5.3. Bares: 2.30 horas.

III.2.7. Establecementos de ocio e entretemento.

III.2.7.3. Pubs: 4.00 horas. (asimilables á licenza municipal de café-bar especial)

Hai que ter en conta tamén que no caso dos establecementos, sobre este horario xeral, na véspera de festivos e na fin de semana o horario pasa a aumentar ata en 30 minutos.

Segundo o artigo 6 o tempo de desaloxo defínese así: á hora de peche establecida acenderanse as





Concello de Moaña

luces xerais do establecemento e as portas de entrada e saída quedarán expeditas e abertas para que se poida producir o completo e ordenado desaloxo. Sen prexuízo dos límites que veñan impostos pola normativa sectorial ou de seguridade e orde pública, o desaloxo dos establecementos practícase nos seguintes períodos de tempo, atendendo á súa capacidade, no caso dos locais de Moaña, con aforo inferior a 500 persoas: no tempo máximo de 30 minutos, desde a hora de peche.

Reitérase que ademais de cumprir cos termos anteriormente descritos deberase ter en conta a normativa de contaminación acústica e demais normativa de aplicación. Así como a Ordenanza Municipal reguladora de terrazas para actividades de restauración que establece no art. 19 d) "Non se permite colocar ningún elemento no exterior do cerramento como aparellos, TV, pantallas, autosalantes..."

Tendo en conta a normativa de aplicación, as consideracións xurídicas contidas no informe xurídico relacionado neste acto administrativo e en aplicación da habilitación conferida pola apartado 4º do artigo 9 da Orde de 20 de outubro de 2020 da VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO da Xunta de Galicia e no exercicio das atribucións recoñecidas no art. 5 f) da Lei 10/2017, de 27 de novembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia en relación ca normativa de réxime local e en concreto Lei 7/1985 de bases de réxime local e Lei 5/1997 de administración local de Galicia, pola presente **RESOLVO** o seguinte:

PRIMEIRO. Autorizar as ampliacións do horario xeral de peche dos establecementos abertos ao público, así como o de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas en 2 horas, en atención aos criterios expostos, previa declaración responsable a presentar por cada unha das persoas ou entidades interesadas.

As autorizacións de ditarán, previa instrución do procedemento e segundo o establecido no artigo 9 da dita Orde do 23 de outubro de 2020 da VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO da Xunta de Galicia, sempre e cando o establecemento ou a entidade interesada comunique mediante Declaración Responsable ante o rexistro de entrada no Concello, cunha antelación mínima de **3 días** á do día no que vaia a prolongar o horario de peche. No caso dos establecementos, esta autorización de ampliación do horario de peche abarcará unicamente ao uso interior do local.

Nas autorizacións que se tramiten desde o Departamento de Urbanismo, deberá de cumprirse o expresamente establecido na Orde do 23 de outubro de 2020, os condicionantes da licenza, así coma o resto de normativa de aplicación (terrazas, acústica, etc.) que de seguido se resumen:

Cuestións xerais de aplicación da *Orde dictada pola Vicepresidencia primeira e Consellería de presidencia, xustiza e turismo da Xunta de Galicia do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.* (DOG núm. 219 do venres 30 de outubro de 2020):

1). Horario de apertura (artigo 4.2):

Horario de apertura dos establecementos abertos ao público e de inicio dos espectáculos públicos e as actividades recreativas, non poderán abrir antes das 6.00 horas da mañá.

2). Horas de descanso entre o peche e a apertura (artigo 3.4):





Concello de Moaña

En todo caso e para todos os establecementos regulados nesta orde, entre o seu peche e a apertura seguinte deberá transcorrer un período mínimo de 4 horas.

Cando coincidan o horario especial de peche e máis o tempo máximo de desaloxo xunto cunha ampliación de 2 horas autorizada polo concello e non sexa posible compatibilizar o peche e a apertura seguinte co disposto neste número, o establecemento en que concorran as devanditas circunstancias deberá, en todo caso, atrasar o horario xeral de apertura que lle corresponda durante o tempo necesario para que transcorra un período mínimo de 4 horas.

3). Horario de peche (artigos 5 e 9):

No artigo 5 defínese o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

O horario xeral de peche dos establecementos abertos ao público (cada local deberá ter en conta a súa licenza municipal de actividade) e o horario xeral de finalización das actividades recreativas é o seguinte:

II. Actividades recreativas.

II.1. Actividades culturais e sociais: 3.00 horas.

III.2.5. Establecementos de restauración.

III.2.5.1. Restaurantes: 2.00 horas.

III.2.5.1.1. Salóns de banquetes: 3.30 horas.

III.2.5.2. Cafetarías: 2.30 horas.

III.2.5.3. Bares: 2.30 horas.

III.2.7. Establecementos de ocio e entretemento.

III.2.7.3. Pubs: 4.00 horas. (asimilables á licenza municipal de café-bar especial)

Hai que ter en conta tamén que no caso dos establecementos, sobre este horario xeral, na véspera de festivos e na fin de semana o horario pasa a aumentar ata en 30 minutos.

Sobre o horario xeral de peche é sobre o que autoriza ampliación de horario de peche con motivo das festas do Nadal en 2 horas adicionais.

4). Tempo para o desaloxo (artigo 6):

O tempo de desaloxo defínese así: á hora de peche establecida acenderanse as luces xerais do establecemento e as portas de entrada e saída quedarán expeditas e abertas para que se poida producir o completo e ordenado desaloxo. Sen prexuízo dos límites que veñan impostos pola normativa sectorial ou de seguridade e orde pública, o desaloxo dos establecementos practícase nos seguintes períodos de tempo, atendendo á súa capacidade, no caso dos locais de Moaña, con aforo inferior a 500 persoas: no tempo máximo de 30 minutos, desde a hora de peche.

Xunto co anterior, deberase ter en conta a normativa de contaminación acústica e demais normativa de aplicación, así como a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE TERRAZAS PARA ACTIVIDADES DE RESTAURACIÓN que establece no art. 19 d) “*Non se permite colocar ningún elemento no exterior do cerramento como aparellos, TV, pantallas, autofalantes...*”

As actividades recreativas debidamente comunicadas ou organizadas polo propio Concello (30 e 31 de decembro e 5 de xaneiro), quedarán suxeitas tamén ao disposto neste decreto.





Concello de Moaña

SEGUNDO. Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo e ordenar a publicación do correspondente anuncio no Taboleiro de anuncios do Concello para o seu coñecemento e efectos oportunos e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (art. 45 da Lei 39/15 do Procedemento administrativo común das administracións Públicas), coa advertencia de que pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 114.1. c) da Lei 39/2015, de 01 de outubro coa advertencia do seguinte réxime de recursos:

Contra este acto administrativo poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015. Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-administrativo competente segundo o previsto nos artigos 1, 8, 14, 25.1, 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa, e 123 da Lei 39/2015, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación. Todo elo sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito

Publíquese así mesmo a presente resolución na sede web do Concello de Moaña (arts. 38 e 39 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público).

Documento asinado dixitalmente na marxe

